

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

### Modificación Bases de Execución do Orzamento xeral do Concello para 2024

A Base número 21 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello para 2024 recolle o detalle das subvencións nominativas consignadas no Estado de Gastos, entre as que se inclúen, entre outras, as seguintes:

| ENTIDADE                                  | FINALIDADE   | IMPORTE  | APLICACIÓN |
|---|--|----------|------------|
| Asociación Comisión de Festas de Paiosaco | Gastos derivados da organización e realización de festexos populares | 5.000,00 | 338.489.00 |

Produciuse un cambio na denominación no nome da Comisión de Festas de Paiosaco, así como no seu CIF, sendo a Comisión de festas San Martiño de Lestón, con CIF G75438861, quen organizou as festas no ano 2024.

Polo tanto, procede a modificación da citada base de execución do orzamento, de cara a efectuar os trámites da subvención nominativa coa entidade correcta.

Á vista de todo o anterior, e previo informe do interventor do Concello, o Pleno do Concello, en sesión do 28 de novembro de 2024, adoptou, por maioría absoluta, o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente a modificación das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello para 2024, concretamente a Base 21ª Réxime de subvencións, no apartado Modalidades de subvencións, para modificar o detalle dos beneficiarios, e que quedará redactado como segue:

#### “MODALIDADES DE SUBVENCIÓNS

##### 1.- Subvencións directas:

Son aquelas que para ser outorgadas non precisan de ningún procedemento de licitación. Para a súa concesión será requisito previo que aparezan no Orzamento do Concello de forma nominativa e cunha consignación concreta. Agora ben, o feito de que figuren nos orzamentos municipais desta forma non significa que o beneficiario teña dereito á súa percepción, senón unicamente o importe máximo de subvención que pode outorgarlle o Concello. En todo caso, será necesaria a adopción de acordo ou resolución polo órgano competente que estableza a contía e as condicións en que se concrete a subvención. Ademais, os beneficiarios de subvencións nominativas quedan sometidos á obriga de xustificación dos fondos percibidos, así como ao sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que correspondan ao Concello.

Así mesmo, terán a consideración de subvencións directas aquelas nas que unha norma de rango legal imponha ao Concello o seu outorgamento ou a súa contía. Neste caso seguirase o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Para o exercicio 2024, as subvencións nominativas que se consignan no Estado de Gastos do Orzamento son as seguintes:

| ENTIDADE  | FINALIDADE   | IMPORTE  | APLICACIÓN |
|---|--|----------|------------|
| Asociación Comisión de festas San Martiño de Lestón | Gastos derivados da organización e realización de festexos populares | 5.000,00 | 338.489.00 |

(...)

**SEGUNDO.-** Someter a información pública polo prazo de 15 días hábiles o expediente mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación.

**TERCEIRO.-** Aprobar con carácter definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública.

A Laracha, 29 de novembro de 2024

O alcalde

José Manuel López Varela